

INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO EXAME DE QUÍMICA

- Permitirase o uso de calculadora científica (permitiranse aquelas que podan resolver ecuacións de segundo grado pero que non sexan programables, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).
- Xunto co exame proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos.
- Para a formulación e nomenclatura dos compostos seguiranse os mesmos criterios de anos anteriores relacionados nas indicacións sobre a formulación.

CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DO EXAME DE QUÍMICA

- a. As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- b. Unha cuestión teórica deberá razoarse. Non facelo anula a cuestión.
- c. Nas respostas ás cuestións, valorarase a utilización adecuada da linguaxe química, a claridade e orde lóxica na exposición dos conceptos, procesos, pasos a seguir e hipóteses.
- d. Un erro grave de concepto anula o apartado correspondente, pola contra, unha solución errada pero cun razoamento correcto valorarase.
- e. As cuestións que esixen a solución dunha anterior cualifícanse independentemente do resultado da devandita cuestión. Non obstante, a segunda cuestión anularase cando a solución da primeira estea baseada nun erro grave de concepto ou na invención de resultados.
- f. A formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química nun apartado levará a que o referido apartado puntúe, como máximo, o 25% da nota do mesmo.
- g. Os erros nas unidades, ou ben o non poñelas, descontan un 25% da nota do apartado.
- h. Un erro no cálculo considérase leve e desconta un 10% da nota do apartado. Pero o apartado anularase, se o resultado carece de lóxica e o alumnado non fai unha discusión acerca da falsidade de dito resultado ou se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.